

**PLAY** TUI**VI FESTIVAL
INTERNACIONAL
de DOCUMENTAIS****17 ao 21 marzo
2010** [www.
play-doc.com](http://www.play-doc.com)Castellano
Galego
English **-dOC**

Prensa

NOTICIAS

ILISA BARBASH RECOLLE O PREMIO A MELLOR LONGAMETRAXE: "PLAY-DOC É UN FESTIVAL PROFESIONAL E ÍNTIMO"

***Sweetgrass* e *Sanya e Pardal* son recoñecidas *ex aequo* como as mellores longametraxes da edición 2010, mentres que Alberte Pagán álzase co galardón na sección de Documentais Galegos por *Tanyradzwa*. Jay Rosenblatt é premiado en Curtametraxes por *The Darkness of Day*, a súa última obra, a concurso fóra da retrospectiva que se lle dedicou. O Festival Internacional de Documentais de Tui chega á súa última xornada con máis de 7.000 espectadores**

A sexta edición do Festival Internacional de Documentais Play-Doc acabou hoxe con números sorprendentes. Máis de 7.000 espectadores pasaron polo Teatro Municipal de Tui, o que confirma a consolidación do certame.

A acto de clausura foi introducido pola banda de jazz 2us, que presentou a Sara García e Ángel Sánchez, directores do festival, para que leran a decisión do xurado. Garcíaixo lembrar que "todos os filmes son gañadores" para a organización.

O primeiro premio, o de Documental Galego, recaeu en *Tanyradzwa*, de Alberte Pagán, que xa gañara hai dous anos con *BS.AS*. "É a segunda vez que me premian, pero a primeira que estou aquí", dixo ao recoller o galardón das mans de Moisés Rodríguez, concelleiro de Cultura de Tui, explicando que a súa ausencia se debeu precisamente a que as datas coincidiran coa rodaxe do filme seleccionado nesta edición.

Engadiu despois que valora "que se premien filmes alternativos e independentes" e que "estamos contentos (el e a protagonista), sobre todo pola cuestión económica".

Despois tocoulle a Carmen Pardo, Secretaria Xeral de Turismo, darlle o premio de Mellor Curtametraxe a Jay Rosenblatt, por *The Darkness of Day*. O norteamericano dixo que "todos os filmes da sección son moi bos" e agradeceu ao xurado "unha decisión difícil".

Dixo tamén que "estes galardóns proban que as curtas teñen un lugar no mundo", e espera "que isto siga sendo así".

Finalmente, Ilisa Barbash recolleu o premio de Mellor Longametraxe por *Sweetgrass* de mans do alcalde de Tui, Antonio Fernández Rocha. A película co-dirixida xunto co seu marido, Lucien Castaing-Taylor, obtivo o galardón *ex aequo* con *Sanya e Pardal*, de Andrey Gryazev.

Barbash dixo sentir "boas vibracións" dende que puxo o pé en Tui, pois Play-Doc "é un festival tan profesional como íntimo, no que hai a rara oportunidade de convivir cos outros realizadores", comentou.

Por estas razóns, explicou que recibir o premio non estaba a ser tan bo como esperaba, debido aos lazos de comunidade que estableceu estes días cos outros directores.

Máis información na páxina web do festival www.play-doc.com

Contacto: prensa@play-doc.com

Tif. 650073408 / 986607161 - Dirección del festival: 630076818 / 625112791

WEBS

Play-doc en...

▼ PRENSA

Noticias